

A CORUÑA ▾ CULTURA

# O espectáculo 'A Maxia de Europa' de EUROPE DIRECT A Coruña leva a seis concellos da provincia os valores, símbolos e oportunidades da UE

POR REDACCIÓN A CORUÑA | PUBLICADO 06/05/2024

COMPARTE



COMPARTE



A función poderá verse durante o mes de maio en Rianxo, Carral, Vedra, A Laracha, Pontedeume e Narón. Xogos, trucos, ilusión, humor e información europea se reúnen nesta actividade para todos os públicos

EUROPE DIRECT A Coruña organiza unha actividade lúdica e máxica que levará durante o mes de maio os valores, símbolos e oportunidades da Unión Europea a **seis concellos da provincia** adheridos á rede Europa no teu Concello. O espectáculo itinerante 'A Maxia de Europa' percorrerá Rianxo, Carral, Vedra, A Laracha, Pontedeume e Narón entre o 7 e o 15 de maio como parte da conmemoración do Día de Europa, que se celebra o 9 deste mes.

'A Maxia de Europa' reúne xogos, trucos, ilusións e humor para realizar unha viaxe máxica e dinámica para maiores e pequenos a través dos valores, símbolos, beneficios e algúns dos programas da Unión Europea. O público asistente poderá seguir os trucos de maxia realizados coas bandeiras europea e dos estados membro ou a moeda común, entre outros elementos.

O espectáculo estará guiado polo mago Pedro Bugarín, un ilusionista con máis de 15 anos de experiencia no seu eido e que tamén ten vivido múltiples experiencias de mobilidade en Europa. Toda a información disponible está recollida na páxina: <https://www.dacoruna.gal/europedirect/europe-direct-coruna/agenda/2024/la-magia-de-europa/>

Este espectáculo itinerante forma parte da programación que **Europa no teu Concello** ofrece aos membros da rede. EUROPE DIRECT A Coruña puxo en marcha esta iniciativa, da que xa forman parte 46 concellos, para aproximar a información sobre a Unión Europea a toda a cidadanía da provincia, en especial, da mocidade.

EUROPE DIRECT A Coruña é un centro de información oficial da Comisión Europea que pertence á Deputación da Coruña. A misión do centro, que iniciou a súa traxectoria no ano 1996, é traballar coa cidadanía, os medios de comunicación e as entidades locais cos obxectivos de implicar á poboación en temas europeos, así como proporcionar contidos sobre as políticas e as prioridades da UE. Tamén axudar á Comisión Europea a adquirir unha visión xeral das sensibilidades locais relacionadas coas súas políticas e promover a cidadanía europea activa nas escolas.

 Comparte éste artículo

 FACEBOOK

 TWITTER

 in





 ESCRIBE TU COMENTARIO

## Noticias relacionadas



[CULTURA](#) [MONDARIZ](#) [PONTEVEDRA](#)  
El Centro Gallego en Salamanca abre su programa de las Letras Gallegas con la historia del Balneario de Mondariz



[CULTURA](#) [TEATRO](#)  
Talía Teatro organiza unha función solidaria por Palestina



[A CORUÑA](#) [MÚSICA](#)  
Christian McBride, gañador de oito premios Grammy, entre os protagonistas do Festival Internacional +QJazz, que volve á Coruña



[A CORUÑA](#) [CULTURA](#)  
A Coruña, escenario central das celebracións das Letras Galegas 2024, en homenaxe a Luisa Villalba



[CARGAR MAS](#)

# 21NOTICIAS

Términos y Condiciones / Política de Privacidad / Política de Cookies

## CONTACTO 21NOTICIAS

[redaccion@21noticias.com](mailto:redaccion@21noticias.com)  
[publicidad@21noticias.com](mailto:publicidad@21noticias.com)

## SUÍGUENOS

